

ANEXO DE SUBSANACIONES INFORME MUNICIPAL

SERVICIOS INGENIERÍA Y MEDIOAMBIENTE

EXPEDIENTE: Proyecto acondicionamiento paseo interior de murallas romanas, tramo trasera de la C/Clerigos.

El informe se contesta punto por punto subsanando lo observado en el informe de ingeniería y en el de medioambiente

1-...dende este Servizo se considera necesaria a execución de zanxas filtrantes baixo as zonas verdes cara ás que se dirixen as augas de escorrentía, para garantir unha suficiente capacidade de filtración...

PLANO modif I01.

PLANO modif I02.

PLANO I03

PLANO A02MODIF

Se plantea a una zanja filtrate longitudinal y otra transversal coincidiendo con el encuentro del pavimento drenante con las zonas de tierra vegetal, en su parte más baja. Se deja una junta de 5cm entre dichos pavimentos para facilitar el paso del agua hacia la zanja desde la que se distribuirá al terreno.

2-...en previsión dunha futura ampliación do paseo interior da Muralla e das necesidades que poideran xurdir en canto á evacuación de pluviais, deixarase colocado ó longo de todo o ámbito de actuación un tubo de polietileno de diámetro nominal 200mm con arquetas en ambos extremos situadas nas zonas verdes proxectadas, para poder ser utilizado como tubería de impulsión se fose necesario colocar un bombeo.

PLANO modif I01.

PLANO modif I02.

PLANO I03

Se coloca tubo de POLIETILENO DN 200mm con arquetas en ambos extremos

3-.....No plano A01 e no orzamento se modifica o espesor do pavimento de granito tipo Baobab Brown, incrementando o seu espesor a 10cm nas "zonas de tránsito", que se limita á zona pegada á fachada do edificio existente. Tendo en conta que a superficie total da actuación son uns 300m2 e a posble ampliación deste tramo de pasero interior da Muralla, debería considerarse a posibilidade de que a limpeza viaria se realizase mediante unha barredora polo que o dimensionamento do pavimento de granito debería ser de 10cm de espesor para todo o ámbito de actuación.

PLANO A01MODIF

MEDICIÓN

Esto ya se tuvo en cuenta en el proyecto considerándose zona de paso además de la pegada a la fachada del edificio existente, la zona baja entre el final de la rampa y las escaleras, que son las que tienen planeidad suficiente para ser susceptibles de pasarles un vehículo de limpieza por encima. De todos modos, para evitar errores en obra, se modifica la partida y se iguala todo el espesor del granito.

4- Na memoria do proxecto de instalacións, fálase dos criterios de colocación das bocas de incendio, pero tanto os planos como no presuposto do proxecto carecen destes elementos. Deberase colocar polo menos unha boca de incendio no ámbito do proxecto.

PLANO modif I01.

PLANO modif I02.

En Lugo, JUNIO de 2015


oscar
lopez
alba
arquitecto

INFORME DE ENXEÑERÍA

Emitese o seguinte informe en relación á providencia da Directora do Proxecto URBAN de data 14 de maio de 2015, na que solicita informe relativo ó "Anexo de subsanación de deficiencias Proyecto básico y de ejecución: acondicionamiento paseo interior de la Muralla romana, tramo trasera Calle Clérigos".

Con data 8 de maio emitíuse informe de enxeñería relativo ó "Proxecto básico e de execución: acondicionamiento paseo interior da Muralla Romana, tramo traseira rúa Clérigos", no que se poñía de manifesto que era necesario realizar as correccións sinaladas no citado informe.

Revisada a documentación de subsanación de deficiencias presentada obsérvase:

- O estudo básico de seguridade e saúde asinado polo técnico competente será entregado na oficina do Proxecto URBAN.
- Presenta anexo ó prego de prescricións técnicas incluíndo as condicións técnicas particulares do pavimento drenante.
- Presenta planos A01 e A02 modificados, nos que se modifica a ubicación da escaleira respetando o acceso ó edificio en trámite de licenza, e se indica como punto de replanteo en obra a medianeira.
- No plano A01 modificado se indica a ampliación da rexilla, que abrangue a entrada de garaxe existente e o fronte de fachada da futura edificación, conectada á rede xeral de saneamento.
- No plano A02 modificado se inclúe a indicación das pendentes transversais que, segundo se especifica na documentación presentada, "garantizan que el agua siempre discurra hacia las zonas centrales para ser filtrada al terreno".

Non obstante, tal e como se poñía de manifesto no informe de Enxeñería de data 8 de maio de 2015, baixo a superficie proxectada en pavimento continuo drenante Hormifilt se propón a execución dunha soleira de formigón armado de 20 cm. de espesor que non é drenante, impermeabilizando en realidade toda esta superficie, solicitándose no citado informe a xustificación da capacidade drenante do pavimento proxectado e xustificación da ausencia de elementos de recollida de augas de escorrentía; xustificación que non se presentou.

Á vista da documentación presentada e da solución plantexada -na que non se contemplan rexillas nin sumidoiros para recollida de pluviais nos puntos baixos-, ante a indefinición da capacidade real de filtración do pavimento e das zonas verdes deseñadas, e a consecuente incertidume da capacidade de evacuación da totalidade das augas de escorrentía xeradas (sobre todo en épocas de pluviometría

constante ou elevadas intensidades de choiva), dende este Servizo se considera necesaria a execución de zanxas filtrantes baixo as zonas verdes cara ás que se dirixen as augas de escorrentía, para garantir unha suficiente capacidade de filtración e evitar a eventual acumulación de auga en superficie. Deste modo, executarase unha zanja filtrante paralela ó eixo do vial baixo os triángulos deseñados a modo de alcorques e outra zanja filtrante perpendicular ó eixo do vial na zona verde situada ó final do espazo proxectado.

Asimesmo, á vista da topografía da zona, en previsión dunha futura ampliación do paseo interior da Muralla e das necesidades que poideran xurdir en canto á evacuación de pluviais, deixarase colocado ó longo de todo o ámbito de actuación un tubo de polietileno de diámetro nominal 200 mm con arquetas en ambos extremos situadas nas zonas verdes proxectadas, para poder ser utilizado como tubería de impulsión se fose necesario colocar un bombeo.

- No plano A01 e no orzamento se modifica o espesor do pavimento de granito tipo Baobab Brown, incrementando o seu espesor a 10 cm nas "zonas de tránsito", que se limita á zona pegada á fachada do edificio existente.

Tendo en conta que a superficie total da actuación son uns 300 m², e a posible ampliación deste tramo de paseo interior da Muralla, debería considerarse a posibilidade de que a limpeza viaria se realizase mediante unha barredora, polo que o dimensionamento do pavimento de granito debería ser de 10 cm de espesor para todo o ámbito de actuación.

É canto procede informar polo técnico que subscribe, sen perxuízo dos informes que poidan emitir outros servizos municipais.

Lugo, a 18 de maio de 2015

VºBº O Xefe de Servizo

Asdo.: Pablo Fuentes Faílde

A Enxeñeira Municipal

Asdo.: Marta Carballal Neira



INFORME DO ANEXO DE SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO DO TRAMO INTERIOR DA MURALLA ROMANA, TRAMO DAS TRASEIRAS DA RÚA CLÉRIGOS

Esta actuación está enmarcada no Proxecto URBAN. Remitiuse a este técnico copia do anexo de subsanación de deficiencias do proxecto da antedita actuación, da que se emite informe relativo aos apartados de xestión de residuos e limpeza viaria, abastecemento de auga e saneamento de augas.

XESTIÓN DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA:

- No plano A01 e no orzamento se modifica o espesor do pavimento de granito tipo Baobab Brown, incrementando o seu espesor a 10 cm nas "zonas de tránsito", que se limita á zona pegada á fachada do edificio existente.

Tendo en conta que a superficie total da actuación son uns 300 m², e dado que con toda probabilidade a limpeza viaria deste ámbito realizarase mediante unha barredora, o dimensionamento do pavimento debería ser de 10 cm de espesor para todo o ámbito de actuación.

ABASTECIMENTO DE AUGAS:

Na memoria do proxecto de instalacións, fálase dos criterios de colocación das bocas de incendio, pero tanto os planos como no presuposto do proxecto carecen destes elementos. Deberase colocar polo menos unha boca de incendio no ámbito do proxecto. Non se aporta información ao respecto no anexo presentado.

SANEAMENTO DE AUGAS.

Tal e como se indica no informe do Servizo de Enxeñería, no plano A02 modificado se inclúe a indicación das pendentes transversais que, segundo se especifica na documentación presentada, "garantizan que el agua siempre discurra hacia las zonas centrales para ser filtrada al terreno".

Non obstante, baixo a superficie proxectada en pavimento continuo drenante Hormifilt se propón a execución dunha soleira de formigón armado de 20 cm. de espesor que non é drenante, impermeabilizando en realidade toda esta superficie. Non se presenta -tal e como se solicitou- xustificación da capacidade drenante do pavimento proxectado e xustificación da ausencia de elementos de recollida de augas de escorrentía.

Á vista da documentación presentada e da solución plantexada, na que non se contemplan rexillas nin sumidoiros para recollida de pluviais nos puntos baixos, e ante a dubidosa capacidade de filtración das zonas verdes deseñadas para a totalidade das augas de escorrentía xeradas (sobre todo en épocas de pluviometría





Concello de Lugo

MEDIO AMBIENTE

MANF

Refº: 2015_URBAN_Clerigos_Pxto_2.doc

Asunto: 2015_URBAN_Clerigos_Pxto

constante ou elevadas intensidades de choiva), dende este Servizo se considera necesaria a execución de zanxas filtrantes baixo as zonas verdes cara ás que se dirixen as augas de escorrentía, para garantir unha suficiente capacidade de filtración e evitar a eventual acumulación de auga en superficie. Deste modo, executarase unha zanja filtrante paralela ó eixo do vial baixo os triángulos deseñados a modo de alcorques e outra zanja filtrante perpendicular ó eixo da rúa na zona verde situada ó final do espazo proxectado.

Asimesmo, á vista da topografía da zona, en previsión dunha futura ampliación do paseo interior da Muralla e das necesidades que poideran xurdir en canto á evacuación de pluviais, deixarase colocado ó longo de todo o ámbito de actuación un tubo de polietileno de diámetro nominal 200 mm con arquetas en ambos extremos situadas nas zonas verdes proxectadas, para poder ser utilizado como tubería de impulsión se fose necesario colocar un bombeo.

É canto procede informar, polo técnico que suscribe, ós efectos oportunos.

Lugo, 29 de maio de 2015

O ENXEÑEIRO DE MONTES

Asdo: Miguel A. Negral Fernández